

VIA NOVA

PERCORRIDO E MANSIÓNS VIARIAS



BREVE HISTORIA

A vía romana que comunicaba as cidades de Braga (*Bracara Augusta*) e Astorga (*Asturica Augusta*) aparece descrita como *Via Nova* no Itinerario de Antonino, un documento do século III que servía como mapa de estradas para os viaxeiros dentro do Imperio Romano.

Dende o fondo dos vales ata o alto das montañas deseñáronse toda sorte de infraestruturas para completar as 215 millas (arredor de 325 km) que separan ambas cidades, sinalizadas cada unha delas con miliarios (sinais en pedra que marcaban as distancias ao punto de orixe e destino). A aparición de máis de 250 destes sinais ao longo do seu percorrido convierten a *Via Nova* na calzada con máis miliarios conservados de toda Europa.

Inaugurada hai case dous mil anos (79 d.C.) aínda mantén en pé e en uso algúns fitos da enxeñería clásica como a Ponte Bibei. Igualmente visitables son moitas das mansións viarias e hospedaxes que se situaban aproximadamente á distancia que un viaxeiro podía facer nunha xornada de marcha.

A RELACIÓN DE AQUIS QUERQUENNIS E A VIA NOVA

O complexo arqueolóxico de *Aquis Querquennis* está intrinsecamente relacionado con esta calzada romana. Neste punto (milla LIII) asentouse a unidade militar responsable da súa construción, razón pola que o seu campamento non estaría ocupado máis de cinco décadas.

Unha vez abandonado os seus restos servirían de canteira e provisión de materiais construtivos para erguer un amplo número de edificacións anexas á propia *Via Nova* que atravesaba lonxitudinalmente o complexo, entre os que destaca a mansión viaria conservada ao norte do campamento.

COMPLEXO ARQUEOLÓXICO DE AQUIS QUERQUENNIS



BREVE HISTORIA DO COMPLEXO ARQUEOLÓXICO

O nome de *Aquis Querquennis* relaciónase primeiro coa existencia no lugar dunha nacente de augas termais («Os Baños») e segundo coa raíz *quercus* (relativo ao xénero de árbores tipo carballo), coñecendo o lugar en época romana como *Querquennia*.

CAMPAMENTO MILITAR

De todo o conxunto arqueolóxico destaca pola súa monumentalidade o campamento militar. As máis de 2,5 ha do recinto deberían acoller no seu interior a cohorte terceira da *Legio VII Gemina* que estaría composta por uns 600 soldados.

Os investigadores estiman que o recinto militar non estaría ocupado máis de 50 anos (dende fins do século I despois de Cristo ata mediados do século II). Unha vez abandonado os seus restos servirían de canteira e provisión de materiais construtivos para erguer un amplo número de edificacións anexas á *Via Nova* que atravesaba lonxitudinalmente o complexo.

Despois de décadas de escavacións arqueolóxicas son visibles as catro portas do campamento, seis barracóns de tropa ou *strigia*, o *principia* ou cuartel xeral, o hospital ou *valetudinarium*, os celeiros ou *horrea*, as latrina e parte dunha posible *canaba* no exterior do campamento.

MANSIÓN VIARIA OU HOSPEDERÍA

Inmediato ao campamento, e como punto de apoio a viaxeiros, érguense varias estancias que foron abandonadas no século IV, momento no que a *Via Nova* perde importancia como eixo vertebrador de comunicacións. Porén, existen evidencias de que en torno a este espazo xorde un importante núcleo de poboación e servizos que perdurará case ata o presente.